

5.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 30 DE XANEIRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Accidental:

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 4/2017 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23 DE XANEIRO DE 2017.

Aprobouse a acta número 4/2017 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 23 de xaneiro de 2017.

2.- LICENZA DE OBRA.

2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para construción de peche perimetral de parcela en Espiño de Arriba, s/n – Donramiro - Lalín.

3.- LICENZA PARA TERRAZA.

3.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZA na praza da Igrexa, 2 baixo - Lalín.

4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

4.1.- Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para pavimentación de parcela, no polígono industrial Lalín 2000, parcela A-2, - Lalín.

5.- INFORME URBANÍSTICO.

5.1.- Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 27 de xaneiro de 2017 sobre unha parcela na rúa 3, Feas en Lalín.

6.- INFORME PREVIO.

6.1.- Acordouse aprobar o informe técnico de data 26 de xaneiro de 2017 para obras de conservación e restauración de cuberta, no lugar de Liñares, núm.4, parroquia de Prado en Lalín.

7.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

7.1.- Acordouse aprobar a colaboración nas “BASES PARA CONCERTAR UN CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA A REALIZACIÓN DO COCIDO MIÚDO DURANTE A XLIXª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN”.

8.- FACTURAS E CONTAS.

8.1.- Acordouse aprobar a relación de facturas nº00004 por importe de 19.720,78 €.

9.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

9.1.- Acordouse realizar un contrato de servizo para levar a cabo a realización do espectáculo MENÚ DO COCIDO.

9.2.- Acordouse acollerse a *ORDE do 22 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.*

9.3.- Acordouse acollerse a *ORDE do 19 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.*

9.4.- Acordouse traspasar o importe de 1.779,73€ correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

9.5.- Acordouse aprobar a baixa no Servizo de Axuda no Fogar no marco do sistema para a autonomía persoal e a atención á dependencia (SAAD), por pasamento.

9.6.- Acordouse aprobar o **PADRÓN DAS TAXAS POR ABASTECIMENTO DE AUGA E DE SUMIDOIROS (4º TRIMESTRE DE 2016).**

9.7.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos correspondentes ao cuarto trimestre de 2016 do custo salarial do persoal encargado da Aula CeMIT de Lalín.

9.8.- Acordouse recoñecer a obriga por importe de 312,04 €.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Dáse conta do escrito presentado de autorización municipal para a apertura da Taberna do Ultralimento sita na Praza de Abastos de Lalín.

10.2.- Dáse conta do escrito presentado comunicando a baixa voluntaria dunha alumna traballadora do Obradoiro de Emprego “Rivero Social Lalín”.

10.3.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para o uso do Salón Principal do Pazo de Liñares o vindeiro día 4 de febreiro de 2017, entre as 13:00 horas e as 21:00 horas para a celebración dun evento político.

10.4.- Dáse conta do escrito presentado solicitando autorización municipal para o uso do Museo Municipal Ramón María Aller, o vindeiro día 4 de febreiro de 2017, entre as 13:00 horas e as 21:00 horas para a celebración dun evento político.

10.5.- Dáse conta do escrito presentado no que solicitan autorización municipal para o uso dunha parcela na Avda da Estación, rúa Bispo Frei José e rúa Padre Oro (Parcela onde esta a Oficina de Turismo), con motivo da celebración dos cursos de Aplicador-Manipulador de Produtos Fitosanitarios Nivel Básico e Cualificado e cursos ponte durante o presente ano 2017.

10.6.- Dáse conta da solicitude presentada solicitando autorización municipal para o corte parcial da rúa Avda Luís González, dende o cruce coa rúa Avda Buenos Aires e o cruce coa rúa F, para a presentación dos equipos do rally para o evento denominado “Rally do Cocido”.

10.7.- Dáse conta da notificación remitida en relación co servizo de orientación laboral que foi subvencionado ao Concello de Lalín ao abeiro da orde de 29 de decembro de 2015.

10.8.- Dáse conta do escrito remitido notificando a suspensión do prazo máximo para resolver o procedemento de declaración do espazo natural de interese local (ENIL) “FRAGA DE CASAS VELLAS”, Lalín (Pontevedra).

10.9.- Dáse conta do acordo para a adhesión ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan Galego de Rehabilitación, Aluguer e Mellora do Acceso á Vivenda 2015-2020.
